


PROCEDIMENTO DE TRANSFERENCIA E RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS PARA TITULACIÓNS ADAPTADAS AO EEES CURSO 2010-2011

Mediante acordo de Consello de Goberno con data do 23 de xullo de 2008 aprobouse a Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

O artigo 5 deste acordo dispón que a Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea establecerá o procedemento para o recoñecemento de créditos.

O R.D. 1892/2008, de 14 de novembro e modificacións posteriores, regula as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas tanto das e dos estudantes procedentes do sistema educativo español como de outros sistemas educativos.

De acordo co exposto con anterioridade, esta vicerreitoría ~~resolve ditar o seguinte~~ procedemento de transferencia e recoñecemento de créditos para as ~~titulacións de grao e~~ de máster oficial para o curso académico 2010/2011.



CAPÍTULO I

Cambio de universidade e/ou estudos universitarios oficiais españois para estudantes con estudos universitarios oficiais españois parciais

Artigo primeiro. O procedemento iniciarase por petición do interesado que presentará a solicitude do **18 ao 28 de maio**, ou do **17 ao 31 de agosto**, nas secretarías de alumnado do centro de adscrición da titulación ou nos rexistros oficiais da Universidade de Vigo, dirixida ao decanato ou á dirección do centro.

Artigo segundo. A solicitude deberá ir acompañada dos seguintes documentos que acrediten, de xeito fidedigno, os estudos ou actividades de que se pretende o recoñecemento:

- Certificación académica persoal ou calquera outro documento oficial expedido polo centro en que se cursasen os estudos obxecto de recoñecemento. Para as e os estudantes procedentes de centros da propia universidade de Vigo será emitida de forma gratuíta unha certificación académica coa única validez para estes efectos.
- Programas de materias cursadas selados pola universidade ou centro de orixe correspondentes ao curso académico que superou, así como unha copia do plan de estudos, agás as que se recollen no artigo 2.3 a) e 2.3 b) da Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos que teñen recoñecemento automático.

- Programas das disciplinas correspondentes ao curso académico en que se superaron, así como unha copia do plan de estudos.
- Acreditación da nacionalidade expedida pola autoridade competente no caso de estranxeiros.
- Acreditación do Ministerio de Educación ou da autoridade competente do país de que os estudos obxecto de validación teñen carácter universitario.

Os documentos das universidades estranxeiras deben estar legalizados por vía diplomática nas embaixadas ou consulados de España e co visto e prace do Ministerio de Asuntos Exteriores de España (Rúa de José Abascal n.º 41, Madrid), os documentos cuñados coa apostila (Convención da Haia do 5 de outubro de 1961) non precisan outra legalización diplomática ou consular.

Todos os documentos deben entregarse coa correspondente tradución oficial ao galego ou ao castelán, que poderá ser realizada:

- Por calquera representación diplomática ou consular española no estranxeiro.
- Pola representación diplomática ou consular en España do país de que é cidadán o solicitante e, no seu caso, da procedencia do documento.
- Por un tradutor xurado debidamente autorizado e inscrito en España.

Artigo oitavo. As secretarías de alumnado dos centros en que estea adscrita a titulación serán as encargadas de tramitar as solicitudes e de asegurarse de que a documentación é, en principio, suficiente e reúne os requisitos formais necesarios. De non ser así, requiriráselle ao interesado a mellora da solicitude, que terá dez días para emendar os defectos ou para presentar nova documentación.

No caso de que non se cumpra o requirimento, ditarase resolución de arquivo do expediente asinada polo órgano que resolve o procedemento.

Artigo noveno. As solicitudes que reúnan os requisitos mínimos necesarios serán resoltas antes do **22 de xuño de 2010 para as solicitudes presentadas no primeiro prazo** e antes do **28 de setembro para as solicitudes presentadas no segundo prazo** por delegación do reitor, polos decanos ou decanas ou directores ou directoras dos centros da Universidade de Vigo.

Artigo décimo. As e os estudantes aos que se lle recoñezan un mínimo de 30 créditos de acordo co disposto no artigo 6 do RD 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias, poderán matricularse na titulación correspondente dentro do prazo establecido na convocatoria de matrícula para o curso académico 2010/11, sen que recaia resolución expresa.

Os informes servirán de precedentes para posteriores informes do mesmo órgano, sempre que se refira a casos idénticos ou a outros casos que así acorde a comisión de validacións do centro. Nestes casos as e os xefes de negociado de asuntos xerais manterán actualizados os listados das materias obxecto de recoñecemento por este sistema para que as secretarías de alumnado eleven a proposta de resolución sen necesidade de informe técnico específico.

CAPÍTULO IV

Estudos de máster

Artigo décimo sétimo. O procedemento iniciarase por petición do interesado que presentará a solicitude do **20 de setembro ao 29 de outubro de 2010**, ou do **1 do ao 28 de febreiro 2011**, nas secretarías de alumnado do centro de adscrición da titulación ou nos rexistros oficiais da Universidade de Vigo, dirixida á comisión académica do máster, unha vez teña formalizada a matrícula correspondente.

O recoñecemento tamén se poderá realizar de oficio pola administración naqueles supostos aos se refire o artigo 4.3 da Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos e competencias para titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior: «A Universidade poderá recoñecer directamente, ou mediante convenios, titulacións estranxeiras que dean acceso a titulacións oficiais da Universidade de Vigo, ou establecer neses convenios o recoñecemento parcial de estudos estranxeiros. A Universidade de Vigo difundirá de forma axeitada estes convenios.»

Artigo décimo oitavo. A solicitude deberá ir acompañada dos documentos que acrediten, de xeito fidedigno, os estudos ou actividades de que se pretende o recoñecemento.

- a) Estudos nacionais:
- Certificación académica persoal ou calquera outro documento oficial expedido polo centro en que se cursasen os estudos obxecto de recoñecemento. Para as e os estudantes procedentes de centros da propia universidade de Vigo será emitida de forma gratuíta unha certificación académica coa única validez para estes efectos.
 - Programas de materias cursadas selados pola universidade/centro de orixe correspondentes ao curso académico que superou, así como unha copia do plan de estudos.
 - Calquera outra que estableza a comisión académica do máster.
- b) Estudos cursados en universidades estranxeiras:
- Certificación académica oficial expedida polo centro en que se cursasen os estudos obxecto de validación; debe aparecer nela o nivel, a clase de estudos e unha táboa explicativa das cualificacións, en que figure o mínimo necesario para superar as materias.
 - Programas das disciplinas correspondentes ao curso académico en que se superaron, así como unha copia do plan de estudos.

solicitudes antes do día 30 de novembro de 2010 para as solicitudes do primeiro prazo e antes do día 30 de abril de 2011 para as do segundo prazo.

O informe terá carácter preceptivo, pero non vinculante, para decanas e decanos e directoras e directores que resolverán por delegación do reitor.

A comisión académica do máster da titulación poderá recadar, mediante petición razoada á alumna ou alumno, a documentación complementaria que estime oportuna. Do mesmo xeito, poderán solicitar asesoramento dos especialistas que consideren necesarios ou pedir informes a outras administracións.

É preciso que os informes académicos sexan motivados con xustificación suficiente.

Nos casos de estudos interuniversitarios, a comisión académica do máster da titulación establecerá os mecanismos de coordinación necesarios co resto das universidades, e os informes conterán referencia expresa sobre o acordo alcanzado para o caso concreto.

Os informes servirán de precedentes para posteriores informes do mesmo órgano, sempre que se refira a casos idénticos ou a outros casos que así acorde a comisión académica do máster da titulación. Nestes casos as e os xefes de negociado de asuntos xerais manterán actualizados os listados das materias obxecto de recoñecemento por este sistema para que as secretarías de alumnado eleven a proposta de resolución sen necesidade de informe técnico específico.

Artigo vixésimo primeiro. As e os coordinadores do máster, encargaranse de facer chegar os informes aos decanatos ou ás direccións dos centros, así como de outras comunicacións necesarias entre a comisión e o resto de unidades e órganos universitarios.

Artigo vixésimo segundo. Á vista da documentación e dos informes, a decana ou decano ou a directora ou director, por delegación do reitor, ditará a correspondente resolución antes do **10 de decembro de 2010 para as solicitudes do primeiro prazo**, e antes do **10 de maio de 2011 para as do segundo prazo**, aínda no caso de que non fose emitido o informe.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

presente os documentos oficiais acreditativos das ensinanzas seguidas por cada estudante da totalidade dos créditos obtidos por el nos ensinos oficiais cursados con anterioridade, na mesma ou noutra universidade, que non conduzan á obtención dun título oficial.

Cuarta. Para o non regulado neste procedemento estarase ao disposto nas normas de xestión académica. A Vicerreitoría de titulacións e converxencia europea ditará as instrucións oportunas para a posta en práctica do aquí disposto así como para a aclaración de calquera aspecto necesario.

Vigo, 12 de maio de 2010

A vicerreitora de titulacións e converxencia europea,



Carmen García Mateo

SECRETARÍA XERAL
DECANAS E DECANOS E DIRECTORAS E DIRECTORES DE CENTROS
DIRECTORAS E DIRECTORES DE DEPARTAMENTOS
SERVIZO DE ALUMNADO
SERVIZO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
ASESORÍA XURÍDICA
ADMINISTRADORAS E ADMINISTRADORES DE CENTROS E CAMPUS
XEFAS E XEFES DE ADMINISTRACIÓN
XEFAS E XEFES DE ÁREA ACADÉMICA
COORDINADORAS E COORDINADORES DE MÁSTER

SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA E RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS PARA TITULACIÓNS ADAPTADAS AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR (EEES)

CENTRO: _____ TITULACIÓN: _____

A) DATOS PERSONAIS

D./Dña. _____, con DNI _____, con domicilio para efectos de notificación na
rúa/praza/avda./parroquia _____, n.º _____, andar _____, Concello _____ C.P. _____ Provincia _____
Teléfono fixo _____ Teléfono móbil _____ Enderezo electrónico _____ email _____

B) TIPO DE ESTUDOS/ACTIVIDADES

- Nacionais Estudos universitarios (titulación):
 Estranxeiros Centro universitario e universidade:
 Outros estudos/actividades profesionais/outras actividades:
Empresa/entidade: _____

C) TIPO DE SOLICITUDE

- Recoñecemento de créditos de estudos universitarios no ámbito da EEES.
 Recoñecemento de estudos anteriores ao Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro (artigo 7 da normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacions adaptadas ao EEES).
 Recoñecemento doutros estudos ou actividades profesionais (artigo 8 da normativa).
 Recoñecemento ao abeiro do artigo 46.2.i da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (artigo 9 da normativa, participación en actividades universitarias, culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación ata un máximo de 6 créditos do total do plan de estudos cursado.)
 Outros. Indique detalle: _____

D) MATERIAS/ACTIVIDADES PARA AS QUE SOLICITA RECOÑECEMENTO

UNIVERSIDADE/EMPRESA/ENTIDADE DE ORIXE		UNIVERSIDADE DE VIGO	
Materia ou actividade	Créditos	Materia	Créditos

(*) Deberá achegar a certificación académica oficial dos estudos realizados, así como o programa de cada unha das materias de que pretende o recoñecemento correspondente ao curso académico en que as superou, en caso de telas cursadas noutra universidade. No caso doutros estudos ou actividades, é precisa a certificación en que se acredite a súa realización. (Ver procedemento de recoñecemento créditos artigo 2)

(**) A resolución deberá ser notificada ao alumno polos servizos administrativos do centro en que estea adscrita a titulación, para que regularice a súa situación no prazo de dez días dende o día seguinte da súa recepción. **Transcorrido este prazo sen que o alumno regularice a súa situación, decaerá no seu dereito e arquivarase o expediente sen máis trámite.**

CLÁUSULA INFORMATIVA LOPD

En cumprimento da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos, os datos facilitados serán incorporados a un ficheiro denominado ALUMNADO que ten como responsable á XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO coas seguintes finalidades: xestión académica e administrativa dos ensinos que se imparten na Universidade de Vigo e nos seus centros adscritos, xestión de expedientes académicos, concesión de títulos ou traslados, matriculas, bolsas, préstamos e axudas, así como a xestión de estatística pública.

Vostede garante e responde, en calquera caso, da exactitude, da vixencia, da autenticidade dos datos persoais facilitados, propios ou de terceiras persoas, así como de informar e solicitar, no seu caso, o seu preceptivo consentimento de acordo coa normativa de protección de datos a terceiros (pais); comprométese a mantelos debidamente actualizados, e comunicará calquera modificación que se produza neles.

Os seus datos serán comunicados ao Ministerio de Educación, Política Social e Deporte para a xestión de bolsas, de préstamos ou de axudas, así como xestións académicas obrigadas; ao Instituto Nacional de Estatística, coa finalidade de xestión de estatística pública; e a bancos, caixas de aforros e caixas rurais para o cobro de taxas e de prezos públicos, de abonos de bolsas ou de axudas ou, en caso de solicitala, a emisión de tarxetas universitarias.

En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, de rectificación, de cancelación e de oposición solicitando os formularios que para ese efecto dispón o SERVIZO DE ALUMNADO da Universidade de Vigo dirixida á seguinte dirección: 1) As Lagoas, Marcosende, C.P. 36310. Vigo, Pontevedra ou 2) enderezo electrónico: alumnos@lopd.uvigo.es.

_____ de _____ de 20____
(sinatura)

XEFE DE ÁREA ACADÉMICA OU DE ADMINISTRACIÓN DA

D./Dña.
Rúa
C.P. Localidade

EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS PARA TITULACIÓNS ADAPTADAS AO EEES

Vista a instancia remitida polo interesado que arriba se indica e na que solicita recoñecemento de:

- Recoñecemento de créditos de estudos universitarios no ámbito do EEES
- Recoñecemento de estudos anteriores ao Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro
- Recoñecemento doutros estudos ou de actividades profesionais
- Recoñecemento ao abeiro do artigo 46.2.i da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.
- Estudos/actividades: Nacionais Estranxeiros
- Estudos universitarios (titulación): Centro universitario e universidade:
- Outros estudos/actividades profesionais/outras actividades: Empresa/entidade:

polos estudos correspondentes á titulación centro da Universidade de Vigo, e posto que o interesado xustifica con documentos ter superados os estudos/actividades indicados.

Vista a normativa de transferencia e o recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior, aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo con data 23/07/2008 e visto o procedemento para o recoñecemento de créditos e de competencias establecido pola Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea con data 12/05/2010

Ao considerar que a a xefatura de área académica ou de administración comisión de avaliación da titulación comisión de avaliación do centro comisión académica do máster emitiu o seu ditame sobre a pretensión formulada, e á vista da documentación presentada, proceden os seguintes recoñecementos:

Materia ou actividade de procedencia	N.º créditos	Curso académico	Nota	Materia que se reconece	N.º créditos	Nota	Observacións

Non proceden os seguintes recoñecementos:

Materia ou actividade de procedencia	Universidade/ empresa de orixe	N.º créditos	Nota	Materia que non se reconece	Motivo

ESTA DIRECCIÓN/DECANATO, por RR do 23 de xullo de 2008, RESOLVEU:

- I. Recoñecer os créditos mencionados.
- II. Non recoñecer os créditos mencionados polos motivos expostos.
- III. A presente resolución deberá ser presentada nos servizos administrativos deste centro para regularizar a súa situación, no prazo de dez días dende o día seguinte da recepción desta resolución, e poderá modificar a matrícula sen necesidade de resolución expresa. Transcorrido o mencionado prazo sen que regularizase a súa situación, decaerá no seu dereito e archivarase o expediente sen máis trámite.

De ser o interesado solicitante ou beneficiario de bolsa de estudos, a diminución de créditos ou de materias na súa matrícula, que resulte da presente resolución, pode afectar o número mínimo de matrícula esixible na convocatoria de bolsas e impedir ou invalidar a concesión da súa bolsa neste curso e mesmo para o vindeiro ano lectivo. En caso de dúbida, consulte coa secretaria de alumnado do seu Centro.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de **dous meses** contados dende o día seguinte do recibo desta notificación, que se practica por correo certificado con aviso de recibimento de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, os interesados poderán optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo **dun mes** a partir do día seguinte da notificación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou; neste caso, non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo, mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na lei ao abeiro dos art. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Comunicollo a vostede para o seu coñecemento e cumprimento da presente resolución.

de de 20
O REITOR,
Por delegación (RR 23/07/2008)
O DIRECTOR ou DECANO,